

# Speed Mam Color™

TEST RÁPIDO DE IDENTIFICACIÓN Y ANTIBIOGRAMA EN MASTITIS

Identifica en 48h las 8 principales bacterias implicadas en mastitis clínicas

48h



24h

**Antibiograma en 24h**  
con 14 opciones de antibióticos disponibles en veterinaria

## SPEED MAM COLOR DETECTA EL ANTIBIÓTICO ADECUADO EN 24 HORAS



- Listo para utilizar
- Siembra fácil y rápida, en menos de 3 minutos
- Lectura e interpretación clara y rápida
- Ayuda a prevenir resistencias y a bajar la tasa de crónicas

Virbac España S.A.

Àngel Guimerà, 179-181  
08950 Esplugues de Llobregat (Barcelona)  
934 707 940  
es.virbac.com

Construyendo el futuro  
de la salud animal

Virbac

# Speed Mam Color™, o test que detecta a sensibilidade aos antibióticos

**Cunha mostra de leite, esta proba permite detectar patóxenos e crear un perfil de resistencias, dous dos factores máis importantes para saber que antibiótico empregar ante a mastite. É a ferramenta máis rápida e sinxela para que os veterinarios xustifiquen as súas receitas, porque se poden realizar dentro das propias explotacións.**

O Speed Mam Color™ é un test para detectar patóxenos e crear un perfil de resistencias en 24 horas, polo que en 48 horas se pode determinar un tratamento, ao obter o xerme para saber se é gram positivo ou gram negativo, ou tomar as medidas de manexo, ao coñecer se a enfermidade é ambiental ou contaxiosa. Speed Mam Color™ está autorizado como reactivo de diagnóstico no Rexistro de Produtos Zoosanitarios e é, ademais, válido para levar a cabo un tratamento e para presentalo como test diagnóstico, xa que é tan lexítimo coma o dun laboratorio.


Esta selección pódese preparar dentro da propia explotación ou nun consultorio veterinario, onde o gandeiro correspondente lle leve a mostra de leite. José Luis Vázquez Vázquez, xerente de Virbac en Galicia e Asturias, explica que a súa utilización é sinxela; só se pide unha cata de leite da vaca sospeitosa de mastite: “Bótanse tres pingas nun recipiente que vén incorporado no test, mestúrase e despois deposítase na proba, tres pingas en cada

José Luis Vázquez Vázquez,  
xerente de Virbac en Galicia  
e Asturias

*pocillo*. Logo xa só queda esperar polos resultados, que se mostran a través dunha paleta de cores”. En canto á almacenaxe, ocupa pouco e só require de frío.

Vázquez relata que a diferenza co agar sangue é fundamental, “posto que este só detecta gram positivos ou negativos, co que simplemente temos grupos de bacterias, pero non coñecemos que tipo son nin as súas resistencias. Hoxe en día, o máis importante é coñecer que antibiótico utilizar”. Pon como exemplo que unha granxa pode presentar unha resistencia á penicilina e outra ter sensibilidade a esta: “Cada unha usou, probablemente, tratamentos diferentes ao longo da vida dos seus animais e as súas resistencias son distintas”, subliña.

Ante a nova normativa do uso responsable de medicamentos, este test será importante para a aplicación de tratamentos por dúas razóns: “A primeira, porque facilitará a categorización de antibióticos dos grupos A, B, C e D. Determina a cales son sensibles e cales pertencen a cada grupo”, relata o xerente. En canto ao segundo motivo, considera relevante previr as resistencias de cara ao futuro, xa que hai que evitar que se xeren máis.



Coa mostra de leite da vaca sospeitosa prepárase o cultivo, vértense tres pingas en cada *pocillo* do test e en 24 horas obtéñense os resultados.

## A IMPORTANCIA DO TEST PARA OS VETERINARIOS



Mónica García Mon, técnica de calidade de leite

A partir do 28 de xaneiro deste ano, para realizar unha prescrición de antibióticos é necesario dispor dalgunha proba que os valide. Con este tipo de tests, Virbac pon a disposición dos veterinarios unha ferramenta sinxela para obter antibiogramas e acreditar o seu traballo. “Des- ta maneira podemos receitar o antibiótico para tratar o animal. Este test permítenos xustificar a sensibilidade ou resistencia de antibióticos e así usar un ou outro”, des- taca Mónica García Mon, técnica de calidade de leite no Centro Veterinario Meira.

A outra alternativa é envialo a un laboratorio, onde tamén extraen un biograma e, segundo este, realiza- se unha prescrición adecuada. “A diferenza é que con Speed Mam Color™ en 24 horas xa podemos preparar a receita correspondente co medicamento máis sensible, mentres que cos laboratorios temos que esperar tres ou catro días”, resalta a veterinaria, e engade que “o impor- tante é a rapidez para poder aplicar o tratamento”.

García Mon comenta que leva executando secados selec- tivos en varias granxas dende hai anos, sempre que lle é factible, e que optar por esta forma de traballar non que- re dicir que non se poida utilizar antibióticos para secar as vacas: “Os animais que necesiten un antibiótico poderán recibilo, pero para receitalo requirimos algunha técnica que o xustifique, que pode ser envialo a un laboratorio para que nos faga un antibiograma ou probas como esta, coas que en 24 horas temos o resultado e xa podemos aplicar o medicamento”, relata.

Utilizar un antibiótico axeitado ten especial relevancia, por- que si se traballa cun ao que xa se é resistente, aparte de que se poderán crear máis resistencias, o animal non se curará: “Así, a vaca volverá a parir outra vez con mamite ou con células, entón é superimportante aplicar o antibió- tico máis sensible a ese xerme, e aínda así algunhas veces non funciona. Canto máis sensible sexa, maior éxito de cu- ración e menos resistencia se crea”, conclúe a veterinaria.

“O máis relevante é poder tratar os animais co antibiótico que lles corres- ponde dunha maneira rápida”



Gabriel Varela Villamide,  
propietario de Varela Labrada SL

### Varela Labrada SL

**Localización:** Castro de Rei (Lugo)  
**N.º total de animais:** 320  
**Vacas en produción:** 182  
**Media de produción:** 39,5 litros/vaca/día  
**Porcentaxe de graxa:** 4,20 %  
**Porcentaxe de proteína:** 3,35 %  
**RCS:** 180.000 cél./ml

### Por que empezaches a empregar o test Speed Mam Color™?

Empezámolo a usar desde que saíu [hai uns catro anos] para lograr un tratamento rápido e concreto, posto que facemos secado selectivo e buscabamos reducir o uso de antibióticos.

### Que vantaxes ofrece?

A rapidez de identificar o antibiótico que hai que em- pregar para o tratamento da mamite.

### É fácil o seu uso?

Eu non coñezo un sistema tan áxil e efectivo. Dun día para o outro obtés os resultados. O máis importante é po- der tratar os animais co antibiótico que lles corresponde dunha maneira rápida. Se tes que acudir a un laborato- rio, pasan uns cinco ou seis días, polo que a vaca xa está tratada, curada ou xa non hai moito que se poida facer por ela.



EN VÍDEO

Construyendo el futuro  
de la salud animal

Virbac